



DATOS IDENTIFICATIVOS

Atención e apoio na dependencia e vulnerabilidade social

Materia	Atención e apoio na dependencia e vulnerabilidade social			
Código	O51G140V01417			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Vale Iglesias, Maria Florentina			
Profesorado	Vale Iglesias, Maria Florentina			
Correo-e	maria.florentina.vale.iglesias@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Materia que desde unha perspectiva interdisciplinar aspira a que o estudante comprenda as estreitas relacións entre a saúde e os procesos sociais, prestando especial atención a campos e situacións nas que intervéñen a enfermidade.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C11	Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento.
C23	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes de unha comunidade
C43	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes nos anciáns
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D8	Aprendizaxe autónomo

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ser capaz de aplicar coñecemento nas distintas necesidades sociais vinculadas a problemas de saúde	A1	C11	D4
	A2	C23	D5
	A3	C43	D8
	A4		
	A5		

Ser capaz de recoñecer as características dos problemas de saúde que dan lugar a necesidades de apoio social, en especial discapacidades, dependencia e adiccións	A1 A2 A3 A4 A5	C11 C23 C43	D4
Ser capaz de aplicar as estratexias de atención e apoio en relación co contexto actual.	A2 A4		D4 D5 D8
Ser capaz de identificar a relación entre saúde, sistema de xénero, cultura e ciclo vital	A3 A4	C11 C23 C43	D5 D8

Contidos

Tema

Concepto e determinantes da saúde.	Xeneralidades. Alteracións da saúde e as súas repercusións familiares.
Relación entre a saúde e a situación social das persoas, o sistema de xénero, a cultura, status social e o ciclo vital.	Sistemas de atención.
Necesidades sociais vinculadas aos problemas de saúde e a súa repercusión na vida das persoas afectadas.	
Estratexias de atención e apoio pertinentes en cada situación. Características dos problemas de saúde que dan lugar a necesidades de atención e apoio.	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	20	20	40
Traballo tutelado	0	18	18
Lección maxistral	28	40	68
Exame de preguntas obxectivas	2	22	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permitan profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Asistencia obrigatoria ao 90% das horas. Realízase unha proba tipo test ou pregunta curta	30	A1 C11 D4 A2 C23 D5 A3 C43 D8 A4 A5
Traballo tutelado	O alumno elaborará un traballo de maneira individual ou en grupo	10	C11 C23 C43

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade NON PRESENCIALA esta modalidade poderanse acoller aquelas/vos alumnas/vos, que con causa debidamente xustificada, non lles sexa posible asistir con regularidade (a máis do 90%) dos seminarios, polo que deberán ao comezo do inicio do cuadrimestre, comunicar por escrito ao docente responsable da materia, que non van asistir aos devanditos seminarios, indicando a causa que llo impide. No caso de alumnas/os, que por diferentes motivos, sempre xustificados e aínda asistindo a algún seminario, non cheguen a alcanzar o 90% da asistencia aos mesmos, pasarán a esta modalidade de non presencial. A avaliación da modalidade non presencial é a seguinte: A realización dunha proba tipo test/ resposta curta/ desenvolvemento. Dita proba realizarase na data marcada segundo o calendario académico. A puntuación para ser apto neste apartado, será de 5 ou máis puntos sobre 10, a cal supón o 30% da cualificación total da materia. Presentación dun traballo relacionado coa temática da materia, o cal supón o 10%

Avaliación 2ª edición: mesmas condicións que na 1ª edición. O alumnado deberá presentarse a esta convocatoria, coa/s parte/s que non teña superadas na 1ª edición ordinaria"

Avaliación Fin de Carreira: realización dunha proba tipo test/ resposta curta/ desenrolo do total dos contidos da materia. 100%

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ministerio de Trabajo y Estudios Sociales., **Ley39/2006 de Promoción de la Autonomía Personal y atención a las personas con dependencia,** 2011

Alemán Bracho, C. Alonso Seco J, M. Fernández . Santiago, P., **Dependencia y Servicios Sociales,** 2ª, Aranzadi., 2013

Bibliografía Complementaria

Gálvez R, Sierra A, Sáenz MC, Gómez LI, Fernández-Crehuet J, Salleras L et al., **Medicina Preventiva y Salud Pública,** 10ª, Masson, 2001

Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y Discapacidad., **Prevención de la dependencia en personas mayores,** Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales., 2005

SEGG, semFYC, SEMEG, SEMI, SEE/SESPAS, MSC, **Prevención de la dependencia en personas mayores,** Primera Conferencia Nacional de Prevención y Promoción de la Salud. Madrid, Ministerio de Sanidad y Consumo, 2007

Tortosa J.M., **Pobreza y perspectiva de género,** Icaria, 2001

benestar.xunta.es/web/portal/dependencia,

<http://www.estilosdevidasaludable.msssi.gob.es/>,

<http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/promocion/desigualdadSalud/EquidadS>,

<http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Estrategia/estrategiaPromocionyPrev>,

<http://www.papps.es/>,

http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Estrategia/Consejo_integral_Estilos,

<http://www.urv.cat/dinferm/media/upload/arxius/guia%20cuidados%20infermeria.pdf>,

www.dependencia.imserso.es,

<http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/abaco-portlet/content/f2243473-a7e7-417a-b9ca-ab7>,

http://www.osakidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/salud_envejecimiento_activo/es_def/adjuntos,

https://www.osakidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/osteba_publicaciones/es_osteba/adjuntos/4 ,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas V/O51G140V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104

Enfermaría comunitaria II/O51G140V01206

Enfermaría en saúde mental/O51G140V01305

Enfermaría xeriátrica e cuidados paliativos/O51G140V01304

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo *COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

Utilizarase a mesma metodoloxía de ensino que nas leccións maxistras presenciais interactuando co alumnado de forma virtual a través das aulas do Campus Remoto da UVigo

Tamén se utilizará fundamentalmente a Plataforma Faitic/Moodle. Semanalmente colgarase na plataforma material bibliográfico (guías de actuación, capítulos de libros, artigos de interese) de cada tema para que o alumno poida continuar coa súa formación. Así mesmo tamén se colgarán guías didácticas para que axuden no estudo e a elaboración do tema, e mesmo temas xa elaborados polo profesorado responsable da materia en formato Word, pdf ou power point.

Atención personalizada

A atención personalizada realizarase fundamentalmente por vía mail ou despacho virtual de Moodle previa solicitude.

As titorías realizaranse a través dos despachos virtuais do Campus Remoto da Uvigo

Avaliación

O 100% da materia , tanto para a parte Teórica como para a parte de Seminarios avaliarase a través dunha proba virtual tipo test con resposta múltiple a través da plataforma Faitic, con tempo limitado e cronometrado e en data prevista. Ambas as partes da materia consideraranse superada cunha nota de 5 sobre 10. É necesario aprobar ambas as partes para superar a materia.

Os alumnos que nesa data tivesen algún tipo de problema de conexión, deben comunicalo ao profesorado vía mail, na hora seguinte á de comezo da proba. Realizaríase nova proba ao día seguinte na mesma hora e condicións.

Na modalidade non presencial a proba virtual terá un peso dun 80% e o alumno deberá presentar un traballo de investigación sobre temática da materia que se ponderará cun 20% sobre a totalidade da nota final.